

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 30 DE NOVIEMBRE DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 49 DE DATA 23 DE NOVIEMBRE DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 49/2015 da sesión dcelebrada pola Xunta de Goberno Local de data 23 de novembro de 2015, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS DE OBRA.

2.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para adecuación interior de local para destinalo a tenda de roupa, sito na rúa Principal, 2 baixo – Lalín.

2.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para instalación dunha



Secretaría Xeral

estación base de servizos de telecomunicacións, na estrada da Romea, polígono 231, parcela 75 – Lalín.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

3.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a construción de muro de pedra na parcela sita en Carragoso – Lalín.

4.- INFORMES PREVIOS.

4.1.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal emite informe, de data 23 de novembro de 2015, para construción de fosa de xurro, en zona de policía do Regato de Portaquintas, no lugar de Vilar – Filgueira – Lalín.

4.2.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal emite informe, de data 23 de novembro de 2015, para a realización da obra denominada “P.S. CORREDOIRA DA 046 (Nº SGD: 2483315050131), CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA N-525 P.K. 291,655 AO 291,666 M. DEREITA TM. LALÍN TRAMO URBANO”.

4.3.- Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 27/11/15, en realización á viabilidade de licenza de actividade para o acondicionamento de local con uso de oficinas en planta baixa de edificio na rúa Areal, nº 60, Lalín.

5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

5.1.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 1.210,00 € con destino ao arrendamento dunha caldeira de biomasa para a actual Biblioteca Municipal, sita na rúa “Z”, núm. 9, por un prazo de 5 meses. Así mesmo, autorizar gasto por importe de 1.500 € con destino a adquisición dos pellets e contratar con **RAMÓN CABADO BIOMASA, S.L. a realización da citada subministración.**

5.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 8.906,54 € máis a partida de 1.870,37 €, correspondente ao IVE, con destino á subministración e colocación do sistema de ventilación por presurización para as escaleiras de acceso e saída do aparcamento co fin de darlle cumprimento á normativa contraincendios vixente (CTE-DB-SI), e contratar coa empresa **Fontanería, Calefacción y Gas Deza, S.L., dita**



Secretaría Xeral
subministración.

5.3.- Acordouse adxudicarlle o contrato de servizos denominado “**SERVIZO DE REPARACIÓN DO SISTEMA DE CONTROL E XESTIÓN DE PAGAMENTO, ACCESO E SEGURIDADE DO APARCAMENTO PÚBLICO DO CONCELLO DE LALÍN**” (CSE142015), á empresa **SCHEIDT & BACHMAN IBÉRICA, S.L.U.**, por un importe de 21.427,00 €, máis a partida de 4.499,67 € correspondente ao IVE.

6.- EXPEDIENTES DE SUBVENCÍONS.

6.1.- Acordouse aprobar as contas xustificativas de varios beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións para as festas parroquiais e actividades culturais e educativas para o ano 2015*.

7.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

7.1.- Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e o Bispo de Lugo para a reparación da Igrexa parroquial de San Lourenzo de Vilatuxe.

7.2.- Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e o Bispo de Lugo para a realización de obras de reparación da Igrexa parroquial de Donsión.

7.3.- Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e Major Films S.C, para a celebración da **Iª Edición do “Lalín Adventure Film Festival (LAFF)”**.

8.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

8.1.- Acordouse proceder á devolución e cancelación do aval presentado pola empresa **TABOADA Y RAMOS S.L.**, polo importe de **4.669,42 € (operación núm. 20144317)**, como garantía para responder do **contrato de pavimentación e reforzo de firmes de camiños en Lalín (FEADER 2013-2014)**.

9.- FACTURAS E CONTAS.

9.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en



Secretaría Xeral
conta o informe da Interventora Municipal de data 30 de novembro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe de **31.344,01 euros**.

10.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

10.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos do Grupo de Emerxencias Supramunicipal, no período comprendido entre o 01/01/2015 e o 31/10/2015, por importe de **102.195,40 €**.

10.2.- Acordouse traspasar o importe de 144,43 €, correspondente ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva polo ORAL das cantidades adeudadas, á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

10.3.- Acordouse traspasar á Deputación Provincial de Pontevedra o importe de 357,82 €, correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva das cantidades adeudadas á Xunta de Compensación da Área de Reparto 29, porque consta na tesourería municipal unha dilixencia de embargo de calquera dereito de contido económico que teña que percibir a citada Xunta de Compensación.

10.4.- Acordouse corrixir o erro detectado recoñecemento da obriga **“bolsas complementarias ao estudo 2015” a nome dunha beneficiaria**.


10.5.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe de 100,00 € a aboar en efectivo.

10.6.- Acordouse aprobar as xustificacións presentadas por varias asociacións de mulleres conforme á base 11 das bases reguladoras das subvencións para a realización de actividades polas asociacións de mulleres do Concello de Lalín durante o ano 2015.

11.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

11.1.- Dáse conta do escrito presentado polo **Presidente da Asociación Provincial de Taxistas de Pontevedra capital e Municipios da provincia**, comunicando que a través de asociados do municipio de Lalín, se lles reitera a existencia de paradas ilegales dentro do Concello de Lalín.

11.2.- Acordouse denegar á Asociación MEDRAR 2.0 poder ter como local social, para material, reunión e levar a cabo os seus talleres, tanto de cara a nais e pais, como os



Secretaría Xeral
que se programa de cara a toda a sociedade, unha das aulas do edificio que albergaba a sede da UNED, no Polígono Industrial Lalín 2000, así como poder usar o salón de actos cando sexa preciso por temas organizativos.

11.3.- Acordouse autorizar á **Asociación sen ánimo de lucro, Grupo de apoio a lactación materna Alomiños de Leite** a concesión dun local no Auditorio Municipal do que poda dispoñer de forma indefinida, para poder facer uso del para a realización das charlas e talleres en referencia á lactancia e crianza.

11.4.- Acordouse **conceder o** devengo dos trienios que correspondan dende a súa alta no Concello e o seu abono nas nóminas habituais a un concelleiro municipal.

11.5.- Dáse conta do escrito presentado pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria-Dirección Xeral de Enerxía e Minas**, co que achegan resolución de medidas para o peche e abandono de antigas labores mineiras abandonadas no Concello de Lalín.

11.6.- Acordouse autorizar ao **I.E.S. Ramón María Aller Ulloa de Lalín** para colocar un posto de venda temporal todos os sábados dende agora e ata o mes abril, inclusive, na Praza da Igrexa ou arredores de Lalín co fin de recadar fondos para a viaxe a Lisboa.

11.7.- Acordouse acceder á solicitude de pintado dunha liña amarela no vado núm. 407, sito na Avda Montefaro, núm. 20, Lalín.

